



# Xogos dos meus avós/as



Co motivo das Letras Galegas , que terán lugar o vindeiro 17 de maio , dende a área de Educación física, imos recopilar xogos populares que facían os nosos avós/as ou algún familiar de pequeno. Para elo ides cubrir a ficha sobre algún xogo, seguindo o modelo e practicalo con seguridade.

- **Nome do xogo:** "A pita cega"
- **Material que se precisa:** Un antifaz ou pano para tapar os ollos.
- **Descrición do xogo:**

Por sorteo un fará de "Pita cega" tapándolle os ollos cun pano. O resto escapa.

A pita cega comenzará a pillar ao resto ao finalizar a seguinte estrofa:

*Pita cega, (dinlle os demais)*

*Que se che perdeu? (pregunta o resto)*

*Unha agulla e un dedal!!! (contesta a pita cega)*

*Pois dá tres voltas e o atoparás (dille o resto)*

Nese intre o mestre ou calquera outra persoa lle dará tres voltas sobre o seu eixe e a continuación dará comezo a operación: "rescate pitiños".

- **Regras:**
  - Se a pita cega toca ou colle a alguén terá que adivinar, por medio do tacto, de quen se trata . No caso de que adiviñe o capturado pasará a ser a nova "Pita cega"
  - No caso de que non adiviñe pasará a ser "galiñeiro" (de pé coas pernas abertas). Para salvalo algún "pitiño" deberá pasar por debaixo.
  - Poderase facer sonidos para que a pita se oriente.

Variacións:


- ✓ A pita cega poderá levar plumas (feitas con papeis ou ben panos) que lle poñeremos arredor da cintura. O pitiño que máis plumas colla , será o gañador/a.
- ✓ Que haxa máis dunha pita cega en función do número de pitiños.
- ✓ Que haxa un galiñeiro, onde todos estarán collidos das mans e a pita cega no centro. Os pitiños poderán moverse ao redor, pero sen soltarse.



**Onde se practica:**

Practicarase nun terreo chairo.

➤ **Debuxo do xogo:**





# U.d. "Xogos dos nosos avós/as"



Nome e apelidos: ..... Data:.....

Completa esta ficha cun xogo popular ou tradicional que practicaran os teus avós/as ou algún familiar de pequeno.

Recorda preguntarlle, prestar atención, escribilo con claridade e sen faltas.

➤ *Nome do xogo:*

.....

➤ *Material que se precisa:*

.....

.....

.....

➤ *Descrición do xogo:*

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

➤ **Onde se practica?**

.....

.....

.....

.....

➤ **Debuxo do xogo:**